



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AS CIFRAS DE POBOACIÓN

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?idioma=gl>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23

Páxina Web: www.ige.gal

Censo de poboación

- A poboación galega aumentou en 6.409 persoas durante o ano 2023 e quedou cifrada en **2.705.833 habitantes** no 1 de xaneiro de 2024. En termos relativos o incremento da poboación en 2023 foi do 0,24%, similar ao crecemento do 0,25% rexistrado ao longo do ano anterior.
- A poboación estranxeira residente en Galicia aumentou durante o ano 2023 en 15.975 persoas, o que fixo que a porcentaxe de poboación estranxeira pasara do 5,2% en 2023 ao 5,7% no 2024.
- Durante o ano 2023 aumentou a poboación residente en Galicia de 15 a 24 anos nun 3,0% e diminuíu a de 25 a 44 anos nun 2,4%.
- No conxunto de España, a poboación aumentou nun 1,1% en 2023, incremento lixeiramente inferior 1,3% contabilizado en 2022.
- En todas as comunidades autónomas aumentou a poboación durante o ano 2023.

Poboación residente segundo grupos de idade. GALICIA. 1 de xaneiro de 2024

Taxa de variación do total e achegas de cada grupo de idade en %		Poboación	Var. resp. ano anterior (%)
0,2	Total	2.705.833	0,2
-0,2	De 0 a 14 anos	295.612	-2,1
0,3	De 15 a 24 anos	238.190	3,0
-0,5	De 25 a 44 anos	600.513	-2,4
0,4	De 45 a 64 anos	851.627	1,2
0,5	De 65 a 84 anos	582.902	2,1
-0,1	De 85 e máis anos	136.989	-1,6


1. Cifras de poboación no 1 de xaneiro de 2024

1.1 Información xeral

No 1 de xaneiro de 2024 a poboación residente en Galicia quedou cifrada en **2.705.833 habitantes**. Desde o *Censo de poboación* de 2021, a poboación galega diminuíu en 5.352 persoas (0,2%) durante 2021 e aumentou en 6.599 persoas (0,2%) durante 2022 e en 6.409 persoas (0,2%) durante 2023.

No total de España residían 48.619.695 habitantes no 1 de xaneiro de 2024, un 1,1% máis que o rexistrado un ano antes; isto levou a que o peso relativo da poboación galega con respecto ao total de España quedara situado no 5,6% en 2024.

Evolución da poboación en Galicia



Fonte: INE. *Censo anual de poboación e Estadística continua de poboación*


Poboación residente

	GALICIA	ESPAÑA	% GAL/ESP
01/01/2021	2.698.177	47.400.798	5,7%
01/01/2022	2.692.825	47.486.727	5,7%
01/01/2023	2.699.424	48.085.361	5,6%
01/01/2024	2.705.833	48.619.695	5,6%

Fonte: INE, *Censo anual de poboación*

Pirámide de poboación. Galicia. 1 de xaneiro de 2024

Persoas



Fonte: INE. Censo anual de poboación

Poboación residente por sexo e idade. GALICIA

	1 de xaneiro de 2024			Crecemento absoluto en 2023			Crecemento relativo en 2023		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Total	2.705.833	1.301.744	1.404.089	6.409	2.680	3.729	0,2 %	0,2 %	0,3 %
0 a 4 anos	77.506	39.634	37.872	-2.387	-1.306	-1.081	-3,0 %	-3,2 %	-2,8 %
5 a 9 anos	101.947	52.626	49.321	-1.835	-894	-941	-1,8 %	-1,7 %	-1,9 %
10 a 14 anos	116.159	60.001	56.158	-2.054	-1.102	-952	-1,7 %	-1,8 %	-1,7 %
15 a 19 anos	121.031	62.173	58.858	3.466	1.887	1.579	2,9 %	3,1 %	2,8 %
20 a 24 anos	117.159	60.026	57.133	3.497	1.659	1.838	3,1 %	2,8 %	3,3 %
25 a 29 anos	116.095	58.891	57.204	-423	-217	-206	-0,4 %	-0,4 %	-0,4 %
30 a 34 anos	132.318	66.646	65.672	-594	-210	-384	-0,4 %	-0,3 %	-0,6 %
35 a 39 anos	153.500	76.413	77.087	-4.933	-2.404	-2.529	-3,1 %	-3,1 %	-3,2 %
40 a 44 anos	198.600	98.969	99.631	-8.633	-4.362	-4.271	-4,2 %	-4,2 %	-4,1 %
45 a 49 anos	231.845	115.169	116.676	2.794	1.193	1.601	1,2 %	1,0 %	1,4 %
50 a 54 anos	217.978	107.057	110.921	2.009	926	1.083	0,9 %	0,9 %	1,0 %
55 a 59 anos	207.604	100.815	106.789	3.994	2.111	1.883	2,0 %	2,1 %	1,8 %
60 a 64 anos	194.200	93.496	100.704	1.619	773	846	0,8 %	0,8 %	0,8 %
65 a 69 anos	176.205	83.377	92.828	3.642	1.519	2.123	2,1 %	1,9 %	2,3 %
70 a 74 anos	157.340	72.895	84.445	-927	-515	-412	-0,6 %	-0,7 %	-0,5 %
75 a 79 anos	145.116	64.262	80.854	2.790	1.420	1.370	2,0 %	2,3 %	1,7 %
80 a 84 anos	104.241	43.057	61.184	6.628	3.006	3.622	6,8 %	7,5 %	6,3 %
85 a 89 anos	79.856	29.208	50.648	-4.905	-1.684	-3.221	-5,8 %	-5,5 %	-6,0 %
90 a 94 anos	43.979	13.778	30.201	1.801	626	1.175	4,3 %	4,8 %	4,0 %
95 a 99 anos	11.673	2.978	8.695	756	232	524	6,9 %	8,4 %	6,4 %
100 ou máis an	1.481	273	1.208	104	22	82	7,6 %	8,8 %	7,3 %

Fonte: INE, Censo anual de poboación

O número total de mulleres en Galicia é superior ao de homes; en concreto, nos grupos de idade moza (menores de 35 anos) a maioría da poboación é masculina; nos grupos de 35 ou máis anos, a maioría é feminina.

O incremento da poboación durante o ano 2023 produciuse no rango de idades de 15 a 24 anos, 6.963 persoas máis (3,0%), no grupo de 45 a 69 anos, que aumentou en 14.058 persoas (1,4%), no de 75 a 84 anos, con 9.418 persoas máis (3,9%) e no de persoas de 90 ou máis anos, que aumentou en 2.661 persoas (4,9%). Pola contra, diminuíu a poboación de menores de 15 anos en 6.276 persoas (2,1%), o grupo de 25 a 44 anos en 14.583 persoas (2,4%), o de persoas de 70 a 74 anos en 927 persoas (0,6%), e o de 85 a 89 anos en 4.905 persoas (5,8%).

Por nacionalidade, o número de estranxeiros en Galicia aumentou durante 2023 en 15.975 persoas, un 11,5%, ata situarse en 155.281 persoas (o 5,7% da poboación residente en Galicia). Aumentou tamén a cifra de españois residentes en Galicia nados no estranxeiro nun 4,7% e nun 1,0% o número de nados en España pero con nacionalidade estranxeira.

Poboación residente por nacionalidade e lugar de nacemento. GALICIA


	1 de xaneiro de 2024			Crecem. absoluto ano 2023			Crecem. relativo ano 2023		
	Lugar de nacemento			Lugar de nacemento			Lugar de nacemento		
	Total	España	Estranx.	Total	España	Estranx.	Total	España	Estranx.
Total	2.705.833	2.400.582	305.251	6.409	-16.480	22.889	0,2 %	-0,7 %	8,1 %
Españois	2.550.552	2.394.165	156.387	-9.566	-16.545	6.979	-0,4 %	-0,7 %	4,7 %
Estranxeiros	155.281	6.417	148.864	15.975	65	15.910	11,5 %	1,0 %	12,0 %

Fonte: INE, *Censo anual de poboación*

A diferente estrutura por idades segundo nacionalidade española ou estranxeira dos residentes en Galicia pode comprobarse nas seguintes gráficas:

Pirámide de poboación de nacionalidade española. Galicia. 1 de xaneiro de 2024


Porcentaxe



Fonte: INE. *Censo anual de poboación*

Pirámide de poboación de nacionalidade estranxeira. Galicia. 1 de xaneiro de 2024

Porcentaxe



Fonte: INE. *Censo anual de población*

Segundo o lugar de nacemento, o 52,6% da poboación de Galicia reside no mesmo concello no que naceu, e o 11,3% da poboación de Galicia naceu no estranxeiro.

Poboación residente en GALICIA por lugar de nacemento

	1 de xaneiro de 2024	
	Persoas	% sobre o total
Total	2.705.833	100,0%
Naceu no mesmo concello que reside	1.423.444	52,6%
Naceu noutro concello da mesma provincia na que reside	640.812	23,7%
Naceu en provincia galega distinta da que reside	178.531	6,6%
Naceu no resto de España	157.795	5,8%
Naceu no estranxeiro	305.251	11,3%

Fonte: INE, *Censo anual de población*

1.2 Información por provincias

As tres provincias costeiras galegas gañaron poboación durante 2023, mentres que Ourense permaneceu practicamente estable, cunha diminución de 96 persoas durante o ano. Como en anos anteriores, aumenta a concentración de poboación nas provincias occidentais, A Coruña e Pontevedra, nas que reside o 76,7% da poboación de toda Galicia.

Poboación residente. Provincias

	01/01/2023	01/01/2024	% Var. Anual
GALICIA	2.699.424	2.705.833	0,2 %
A Coruña	1.123.884	1.128.449	0,4 %
Lugo	324.267	325.048	0,2 %
Ourense	304.563	304.467	0,0 %
Pontevedra	946.710	947.869	0,1 %

Fonte: INE, *Censo anual de poboación*

1.3. Información por comunidades autónomas

No conxunto de España, a poboación incrementouse en 534.334 persoas durante 2023. Aumentou a poboación en todas as CC.AA.; na Comunidad de Madrid, na Comunitat Valenciana e en Cataluña este incremento foi superior ás 100.000 persoas. En termos relativos os maiores incrementos rexistráronse na Comunidad de Madrid (2,0%), na Comunitat Valenciana (2,0%) e nas Illes Balears (1,8%).

Poboación residente. Comunidades Autónomas

	01/01/2023	01/01/2024	Crecem. absoluto	% Var. Anual
Total Nacional	48.085.361	48.619.695	534.334	1,1 %
Andalucía	8.584.147	8.631.862	47.715	0,6 %
Aragón	1.341.289	1.351.591	10.302	0,8 %
Asturias, Principado de	1.006.060	1.009.599	3.539	0,4 %
Balears, Illes	1.209.906	1.231.768	21.862	1,8 %
Canarias	2.213.016	2.238.754	25.738	1,2 %
Cantabria	588.387	590.851	2.464	0,4 %
Castilla y León	2.383.703	2.391.682	7.979	0,3 %
Castilla - La Mancha	2.084.086	2.104.433	20.347	1,0 %
Cataluña	7.901.963	8.012.231	110.268	1,4 %
Comunitat Valenciana	5.216.195	5.319.285	103.090	2,0 %
Extremadura	1.054.306	1.054.681	375	0,0 %
Galicia	2.699.424	2.705.833	6.409	0,2 %
Madrid, Comunidad de	6.871.903	7.009.268	137.365	2,0 %
Murcia, Región de	1.551.692	1.568.492	16.800	1,1 %
Navarra, Comunidad Foral de	672.155	678.333	6.178	0,9 %
País Vasco	2.216.302	2.227.684	11.382	0,5 %
Rioja, La	322.282	324.184	1.902	0,6 %
Ceuta	83.052	83.179	127	0,2 %
Melilla	85.493	85.985	492	0,6 %

Fonte: INE, *Censo anual de poboación*

Notas metodolóxicas

A partir do *Censo de poboación* de 2021, o Instituto Nacional de Estadística (INE) proporciona en decembro de cada ano as cifras de poboación residente en España referidas ao 1 de xaneiro dese ano, con desagregación territorial ata sección censual, obtidas coa mesma metodoloxía que a empregada no Censo de 2021, a partir de rexistros administrativos. Constitúen a cifra de poboación utilizada na produción estatística como poboación de referencia (enquisas, sistemas de contas, indicadores, proxeccións de poboación, ...).